



**ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS NO CONCELLO DE SAMOS (LUGO)**

**Artigo 1.- Fundamento e natureza**

Facendo uso das facultades concedidas nos Artigos 133.2 e 142 da Constitución Española de 1978 e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello de Samos establece unha nova regulación da taxa polo subministro de auga potable e outros servizos complementarios, que conleva un novo acordo de imposición e a derogación da ordenanza fiscal, coas súas respectivas modificacións, que regulaba a prestación deste servizo e outros, segundo se recollía nos textos que a definían e identificaba como: “Ordenanza fiscal reguladora da taxa por distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluído os dereitos de enganche das liñas e colocación e utilización dos contadores e instalacións análogas cando tales servizos ou subministro sexan prestados polas entidades locais”.

Desenvolvese a potestade tributaria municipal ó abeiro do Art. 106 da Lei de Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 57 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), adoptando un novo acordo de imposición, dada a nova configuración da ordenanza reguladora que inclúe a derogación total da anterior. Trátase dun novo acordo de imposición e ordenación, en canto a su natureza xurídica. O art. 20.4 letra t) do TRLRFL serve de cobertura legal a este acordo.

**Artigo 2.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible a prestación do servizo de recepción obrigatoria de subministración de auga potable e demais servizos complementarios necesarios para aquela efectiva prestación.

Inclúense expresamente no feito imponible os dereitos de acometida ou enganche á rede pública de abastecemento ou subministración de auga potable e a autorización para a colocación de contador por instalador oficial e para execución das obras privadas necesarias.

**Artigo 3.-Suxeito pasivo**

3.1.-Serán suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o Art. 36 da Lei xeral tributaria ( Lei 58/2003, do 17 de decembro) usuarios do servizo a cuxo nome conste outorgado o subministro e autorizada a instalación dos aparatos medidores (contadores) consorte co previsto no artigo 20.4.t) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.



## CONCELLO DE SAMOS

Asemade, terán a condición de suxeito pasivo aquelas persoas físicas ou xurídicas que se beneficien do servizo que constitúe o feito imponible aínda que non tiveran a oportuna autorización mediante resolución expresa.

3.2.-Serán substitutos do contribuínte, os propietarios das vivendas ou locais nos que se preste o servizo, os que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas de conformidade con sinalado no artigo 36.3 “ in fine” da Lei xeral tributaria, sobre os respectivos beneficiarios.

### **Artigo 4.- Responsables**

4.1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias derivadas da aplicación desta ordenanza fiscal, as persoas físicas ou xurídicas a que fan referencias os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

4.2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, os integrantes da administración concursal, así como os liquidadores das sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o Artigo 43 da Lei xeral tributaria (Lei 58/2003, do 17 de decembro)

### **Artigo.5.- Cota tributaria**

5.1.-Uso doméstico.

Ata 25 m<sup>3</sup> trimestre: 0,30 € m<sup>3</sup>  
De 25 m<sup>3</sup> a 50 m<sup>3</sup> trimestre: 0,40 € m<sup>3</sup>  
De máis de 50 m<sup>3</sup> trimestre: 0,50 € m<sup>3</sup>.

5.2.- Outros usos.

Ata 45 m<sup>3</sup> trimestre: 0,40 €/m<sup>3</sup>  
De máis de 45 m<sup>3</sup> trimestre : 0,60 €/m<sup>3</sup>

5.3.-Por cada autorización de acometidas ou enganche á rede públicas de abastecemento de auga potable e autorización para a colocación de contador por instalador oficial e a execución das obras privadas necesarias, 30 €. Os gastos de adquisición do contador, a súa instalación e as obras necesarias para realizar a acometida e conexión á rede pública serán por conta do particular interesado.

5.4.- Por cada solicitude de cambio de titularidade do servizo, 15 €, ó outorgar a autorización de cambio de titularidade.

5.5.- Por cada solicitude de cambio de uso efectuada polo titular, 10 €.

5.6.- Por cada solicitude conxunta de cambio de titularidade e uso 20€.

Sobre as tarifas que, de ser o caso, se atopen suxeitas a IVE, aplicarase o tipo deste tributo que corresponda.



## CONCELLO DE SAMOS

Aplicación das cotas: a cota de uso máis caro permite e absorbe un posible uso doméstico compatible.

### **Art.6.-Normas de xestión e solicitude de acometida**

6.1.- Cada usuario do servizo terá un contador individual

6.2.- As comunidades de veciños, constituídas como tales de acordo coa lexislación civil de aplicación, están obrigadas a establecer un contador xeral.

6.3.- Os locais comerciais e as industrias están obrigadas a poñer un contador individual, con toma anterior ó contador xeral da comunidade.

No prazo de tres meses, contados dende a entrada en vigor desta ordenanza tódolos donos ou explotadores de comercios e industrias situadas nunha edificación en réxime de división de propiedade horizontal, con comunidade de propietarios formalmente constituídos, están obrigados a solicitar a oportuna autorización de acometida e realizar a oportuna instalación de contador.

6.4.- Cada usuario ten a obriga de solicitar, individualmente, a autorización de acometida e enganche á rede pública e autorización para instalación do correspondente contador.

A solicitude de autorización, efectuarase por medio dun escrito de pedimento de alta, no que o interesado fará constar o nome e apelidos, razón social, domicilio, NIF ou CIF. Ademais especificarse se o solicitante é dono da vivenda, local ou establecemento industrial ou doutra natureza, ou ben ostenta outro título xurídico para o uso e explotación de calquera desta edificacións e/ou instalacións; tamén se precisará o uso ó que se destinará a auga cuxa autorización de acometida se solicita; os restantes datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo que se pretende e a autorización do mesmo.

6.5.- Os pedimentos levarán implícito o compromiso “do autorizado” de cumprir as disposicións de xeral e concordante aplicación.

6.6.- A autorización de acometida ou enganche á rede pública, outorgase ó solicitante mediante acto administrativo (resolución do órgano competente da corporación) quedando suxeito ás disposicións desta ordenanza e ó resto do ordenamento xurídico aplicable.

### **Art.7.- Sobre os usos autorizables (Ver art.5)**

7.1.- O concello, por resolución do órgano que resulte competente autorizará, previo pedimento e cumprindo co disposto nesta ordenanza e as demais disposicións de xeral e concordante aplicación, as acometidas para os seguintes usos:

- 1) Para uso doméstico, isto é para atender as necesidades da vida e a hixiene privada.
- 2) Para uso comercial, incluíndo os cafés, bares, hoteis, restaurantes, tabernas, garaxes, comercios, tendas, supermercados, oficinas e semellantes.
- 3) Para uso gandeiro e/ou pecuario, incluíndo o consumo de gando en establos , así como a limpeza e uso das instalacións, equipos de muxido, tanques de refrixeración e outros complementos propios desta actividade.
- 4) Para uso industrial, entendendo por tales aqueles que teñan a consideración de industriais de acordo co establecido na lexislación industrial ( Lei 21/1992, de 16 de xullo, Xeral de Industria.
- 5) Para uso de obra, entendendo por tal a que se concede provisionalmente e mentres se execute unha obra civil ou instalación industrial, incluso proxectos de urbanización e



## CONCELLO DE SAMOS

para o consumo de auga que se poida efectuar durante a execución dalgunha destas obras ou semellantes.

6) Autorizacións “a precario”. Excepcionalmente e para edificacións, instalacións ou actividades preexistentes e a marxe da legalidade urbanística poderán outorgarse autorizacións “a precario” de sorte que tal autorización poderá ser revogada libremente pola administración e sen que xere ningún dereito indemnizatorio a favor do beneficiario de tal autorización.

Esta modalidade non é de aplicación, nembargante, os edificios considerados como “fora de ordenación” segundo o disposto no vixente art. 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, na vixente redacción.

### **Artigo.8.- Sobre os cambios de titularidade na autorización e os cambios do uso autorizado**

8.1.- Os cambios de titularidade deberán ser interesados do Concellos de Samos, mediante escrito de solicitude e asinado polo cedente ou cesionario ou ben xustificando axeitadamente o título ou causa de cesión/sucesión ó órgano competente do concello, de proceder, autorización ó oportuno cambio.

8.2.- Os cambios de uso, tamén deberán ser autorizados, previo pedimento, e no caso de proceder, polo órgano competente do concello.

8.3.- No caso de que unha mesma “unidade edificataria ou instalación” teñan lugar usos distintos e compatibles, con excepción do uso doméstico que é obxecto de absorción pola tarifa máis cara, será preciso dispoñer das pertinentes autorizacións e contadores independentes.

8.4.- Ningún aboado (usuario autorizado) poderá dispoñer de auga máis que para aquel uso que lle foi autorizado, agás causa de forza maior. Queda totalmente prohibido e será causa inmediata de revogación de autorización, sen prexuízo de aplicar outras sancións que procedan de acordo co ordenamento xurídico, a cesión gratuíta a outros ou a reventa de auga.

8.5.- Logo de baixa no uso autorizado, para unha nova autorización será preciso seguir os trámites e aboar as taxas prevista nesta ordenanza.

### **Artigo.9.- Sobre o consumo da auga no uso autorizado.**

9.1.- O consumo de auga no uso autorizado comprobarase mediante lecturas periódicas do aparato contador, facturándose o consumo de acordo co prezo establecido nas tarifas desta ordenanza fiscal.

9.2.- Cando por calquera causa o consumo se tivese realizado sen funcionamento do contador ou ben se non fose posible acceder ó mesmo, liquidarase e facturarse con arreglo o gasto realizado no mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior. De non existir este dato, liquidarase pola media aritmética dos seis meses anteriores; e finalmente, se tampouco fose posible tal determinación, consonte cos criterios precedentes, liquidarase pola media aritmética de tódolos consumos rexistrados.

Os consumos así estimados, serán regularizados na seguinte facturación na que sexa posible a lectura.

9.3.- De existir obstrución por parte do usuario para que os medios ó servizo do concello efectúen as oportunas lecturas, acreditado en expediente contradictorio



## **CONCELLO DE SAMOS**

tramitado ó efecto, no consumo facturado, aplicarase unha recarga de ata o 50% sobre as tarifas aplicables.

9.4.-No caso de diminución do caudal, augas sucias, sequias, xeadas, reparacións e semellantes, os usuarios non terán dereito a reclamación nin a indemnización de danos e perdas, máis aló da que poda xurdir do estatuto xurídico da responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

### **Artigo.10.- Das obras necesarias para as acometidas a rede pública e dos aparatos contadores.**

10.1.- Tódalas obras necesarias para conducir a auga dende a rede xeral a toma do usuario autorizado, por esta administración municipal, serán por conta deste usuario; se ben débense realizar baixo a dirección municipal de coa forma que o Concello indique, de maneira que deberá comunicarlle ó concello a realización de tales obras. Na resolución autorizatoria comunicarse ó usuario autorizado este deber.

10.2.- Será obriga dos usuarios a instalación de contadores por profesional debidamente homologado e entre os modelo de aparato que o concello considere adecuados.

10.3.- Os contadores instalados deberán ser accesibles para o personal do concello que se encargue dos controis de consumo e as debidas inspeccións periódicas.

10.4.- Os contadores instalados levarán un precinto que impida a manipulación ou alteración. Se por calquera circunstancia se chegase a romper calquera deses precintos, o usuario está obrigado a poñelo en coñecemento inmediato do concello e proceder a súa reparación.

10.5.-Cando a un usuario do servizo se lle comunique que un contador da súa propiedade se atopa en malas condicións de funcionamento, disporá dun prazo de 15 día hábiles para a súa reparación ou para a substitución por outro debidamente verificado. Se pasado o devandito prazo non se reparase o aparato contador ou se substituíse por outro, o concello poderá instalar outro por cargo e conta do usuario, sempre e cando exista accesibilidade para a colocación. No caso de que tal instalación non sexa posible, considerase ese proceder como causa de obstrución ós efectos previstos no artigo 9.3 precedente.

### **Artigo.11.- Sobre o devengo desta taxa e os períodos de pagamento**

11.1.- De conformidade co establecido no Art. 26.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 2 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, esta taxa ten devengo periódico empezando o 1 de Xaneiro de cada ano, agás nos supostos de alta, baixa ou modificación nas condicións de prestación do servizo, suposto no que a obriga de pagamento comeza ou remata na data en que efectivamente comece ou finalice a prestación do servizo. Neste suposto efectuarse o oportuno prorrateo con referencia trimestral e incluso por días.

Despois da pertinente autorización como usuario do servizo de subministración ou abastecemento de auga potable do Concello de Samos, procederase a incluír o usuario, con respectivas condicións, nos padróns ou matriculas desta taxa.

11.2.- O pagamento da taxa regulada nesta ordenanza fiscal, efectuarase por trimestres naturais, realizando a oportuna posta ó cobramento de recibos, previa lectura dos aparatos contadores.



## CONCELLO DE SAMOS

11.3.- O período voluntario de pagamento será de dous meses desde a posta ó cobro dos recibos despois da primeira alta , na modalidade de notificación colectiva por Padrón, o pago efectivo realizarase nas oficinas municipais de recadación ou a través das entidades locais colaboradoras.

Unha vez que transcorrese o período voluntario de pagamento, sen efectuar o ingreso abrirase a vía de construximento de acordo co establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

### **Artigo.12.- Réxime de infraccións e sancións**

No que atinxe a cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Derrógase a ordenanza fiscal nº 10, nomeada como ordenanza reguladora da taxa pola distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando tales servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais, publicada no BOP de 12/05/1999, con tódalas modificacións aprobadas e publicadas con posterioridade.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se aprobe definitivamente e sexa obxecto de publicación no BOP tanto o acordo de aprobación definitiva (incluído o provisional elevando automaticamente a definitivo) como o texto íntegro de ordenanza fiscal. Entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte a súa publicación no BOP.